

LUZ LÓPEZ PÉREZ, en nome e representación da Federación de Ensino de CCOO de Galicia con enderezo a efectos de notificación na rúa Miguel Ferro Caaveiro 8 – 1º andar, CP 15707 de Santiago de Compostela

EXPÓN que:

- O protocolo de adaptación ao contexto COVID dos centros educativos de Galicia establece no seu apartado 2.1 que *“En virtude do convenio entre ambas consellerías a todo o **profesorado e persoal** dos centros sostidos con fondos públicos realizaráselle un test de cribado da COVID-19 e de ser o caso completar o proceso diagnóstico de acordo co protocolo clínico, antes do inicio do curso, sen prexuízo doutros que poidan ser considerados, de ser o caso”*.
- Dende finais de agosto vense realizando a proba serolóxica da COVID-19 ao persoal dos centros educativos.
- Non obstante o anterior, a día de hoxe, e xa iniciada a actividade lectiva en primaria, unha parte importante do persoal ao que se refire o apartado 2.1 do citado protocolo aínda non foi chamado nin ten noticia de se van a fecerlle a proba ou non. Nomeadamente están máis afectados determinados colectivos: PSEC, persoal interino/substituto....

Polo que SOLICITA:

Se proceda con inmediatez a realizar o cribado da COVID-19 a todo o persoal que aínda non se lle realizou dando así cumprimento ao regulado polas administracións sanitaria e educativa no apartado 2.1 do protocolo de adaptación ao contexto COVID-19.



Asdo: Lúz López Pérez



A/A CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE